




DUODÉCIMO PREMIO AUDITORIO DE GALICIA PARA NOVOS ARTISTAS





01. OBXECTO DA CONVOCATORIA

02. PARTICIPANTES

03. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

04. MEDIDAS DAS OBRAS

05. FASES

5.1. Primeira fase: presentación de documentación

- Documentación requirida
- Envío de solicitudes
- Prazo de envío de solicitudes

5.2. Segunda fase: elección das obras que formarán parte da exposición

- Criterios de valoración
- Selección

5.3. Terceira fase: envío da obra orixinal

- Prazo e condicións de entrega das obras seleccionadas
- Lugar de entrega das obras seleccionadas

06. EXPOSICIÓN

07. DEVOLUCIÓN DAS OBRAS EXPOSTAS

08. XURADO

09. PREMIOS

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

11. INFORMACIÓN

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DO DUODÉCIMO PREMIO AUDITORIO DE GALICIA PARA NOVOS/AS ARTISTAS 2021

01

OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Auditorio de Galicia, que ten encomendada a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela, convoca a duodécima edición do Premio Auditorio de Galicia para novos/as artistas 2021 co obxectivo de fomentar os valores culturais e a promoción das novas e novos artistas de Galicia, estimular o seu labor creador e apoiar e incentivar a creación e difusión das súas obras.

O Auditorio de Galicia é consciente da amplitude do mundo da arte, por isto, e coa única necesidade de perfilar o ámbito do Premio, dirixe esta convocatoria ao ámbito autonómico e ás/aos artistas cuxa traxectoria non está aínda consolidada, acreditando o talento das/dos artistas e contribuíndo ao enriquecemento e coñecemento da creación contemporánea e ao patrimonio cultural galego.

02

PARTICIPANTES

Poderán participar artistas que nacesen ou residan en Galicia e sexan menores de 40 anos o 31 de decembro de 2021. A participación poderá ser individual ou como colectivo. Neste último caso todos os membros do colectivo deberán cumprir estes requisitos.

03

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- A.** Cada artista/colectivo poderá participar cunha soa obra, única ou como serie, realizada en calquera tipo de técnica ou soporte (pintura, escultura, fotografía, vídeo, instalación...). As obras deben ser orixinais e inéditas.
- B.** De comprobarse, en calquera fase do concurso, que as obras non son orixinais ou inéditas quedarán excluídas. Considerarase que non son inéditas se foron difundidas ou publicadas por calquera medio.
- C.** Deberán presentar toda a documentación que se require no punto 5.1.A.

04

MEDIDAS DAS OBRAS

A. As medidas para pintura e fotografía non poderán exceder dos 250 x 250 cm se é obra única. Se se trata dun díptico ou dunha serie, as medidas máximas serán de 400 cm incluíndo os espazos entre as pezas.

Non serán admitidas obras protexidas con cristal. Admitiranse as protexidas con metacrilato ou similar.

B. As dimensións das esculturas non deberán exceder dun cubo imaxinario de 250 cm de lado nin dos 100 kg de peso.

C. No caso das instalacións, non poderán exceder dun cubo imaxinario de 400 x 400 cm de base.

D. No caso de obras de videocreación, o artista debe enviar o vídeo orixinal mediante a introdución dunha ligazón onde poder visionalo na documentación relativa ao proxecto de obra presentado. O Auditorio resérvase o dereito de decidir a exhibición dos vídeos en *loop*.

05

FASES

5.1. PRIMEIRA FASE: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

5.1.A. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

As / os artistas deberán proporcionar a seguinte documentación:

- I.** Copia do documento de identidade.
- II.** Acreditación de residencia só en caso de que no documento de identidade figure un lugar de nacemento de fóra de Galicia.
- III.** Proxecto da obra presentada a concurso. Documento PDF que non exceda das 5 páxinas e que deberá conter os seguintes apartados por esta orde:

A. FICHA TÉCNICA

- Nome artístico ou pseudónimo co que desexa figurar.
- Título da obra, data, técnica e medidas.

B. REPRODUCCIÓN DA OBRA

Fotografía/s da obra. / Bosquexo ou reprodución gráfica da obra. / No caso de videocreacións deberá inserirse unha ligazón onde poder visualizar a obra.

C. TEXTO EXPLICATIVO

Texto explicativo da obra non superior ás 20 liñas e preferentemente en galego (o Auditorio reserva o dereito de reprodución).

D. CURRÍCULO

Currículo resumido da/do artista que non exceda das 20 liñas (preferentemente en galego).

E. VALORACIÓN

Valoración económica da obra para os efectos do seguro de estancia.

- IV.** Expediente artístico: As/os artistas poderán achegar información e fotografías sobre outros traballos seus. O expediente terá un máximo de 10 páxinas en formato PDF.

5.1.B. ENVÍO DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Auditorio de Galicia, sede.compostelacultura.gal. A presentación por este medio producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán en conta as solicitudes presentados noutros rexistros.

IR Á WEB
DA SEDE

5.1.C. PRAZO DE ENVÍO DE SOLICITUDES

Desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña até o venres 3 de setembro de 2021.

5.2 SEGUNDA FASE: ELECCIÓN DAS OBRAS QUE FORMARÁN PARTE DA EXPOSICIÓN

Na primeira fase do concurso o xurado seleccionará as obras que formarán parte da exposición. Nesta fase NON se achegarán obras ORIXINAIS, a excepción de vídeos.

5.2.A. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Serán avaliados de modo positivo:

- A innovación e a contribución á escena actual da arte.
- A coherencia co discurso conceptual enunciado polo/a artista.
- Que a obra seleccionada poida ser montada e adaptada aos recursos dos que dispón a institución.

5.2.B. SELECCIÓN

Unha vez recibida a documentación, o xurado fará a selección entre as propostas presentadas. As/os artistas seleccionadas/os formarán parte da exposición e da publicación que desta se faga.

5.3 TERCEIRA FASE: ENVÍO DA OBRA ORIXINAL

5.3.A. PRAZO E CONDICIÓNS DE ENTREGA DAS OBRAS SELECCIONADAS

- I. O Auditorio de Galicia porase en contacto coas e cos artistas que se seleccionen para indicarlles o período de recepción das obras, que non serán aceptadas nin antes nin despois da data previamente acordada.
- II. Os gastos de embalaxe e transporte das obras, ida e volta, correrán por conta da/o artista, que as poderá enviar por calquera medio de transporte ou presentándose persoalmente para depositalas no Auditorio de Galicia.
- III. Todas as obras deberán estar embaladas. O Auditorio de Galicia non se responsabilizará do seu deterioro por unha embalaxe ou un transporte inadecuados. Deberán estar protexidas para a seguridade na súa manipulación.
- IV. O Auditorio de Galicia emitirá unha póliza de seguro que cubrirá as obras durante a súa estancia na sala de exposicións; non se fará responsable dos posibles riscos durante o transporte. En caso de que na desembalaxe se detecte algún deterioro non se considerará responsabilidade do Auditorio.
- V. O Auditorio de Galicia porá o máximo celo no coidado das obras recibidas.
- VI. En ningún caso se aceptarán obras en mal estado.

VII. As/os artistas deberán achegar todos os elementos necesarios para a correcta instalación e exposición das obras. No caso de que algún elemento non sexa proporcionado polo artista, este deberá ofrecer opcións ou adaptarse aos elementos que o Auditorio estea en condicións de facilitar.

VIII. En caso de instalacións, as/os artistas estarán obrigadas/os a asistir á montaxe da súa obra, se o Auditorio de Galicia o requirise, nunha data que se acordará entre ambas as partes.

5.3.B. LUGAR DE ENTREGA DAS OBRAS SELECCIONADAS

As obras participantes recibiranse no Auditorio de Galicia, avenida do Burgo das Nacións s/n, Santiago de Compostela, nas datas que se indicarán ás/aos artistas seleccionadas/os, de luns a venres en horario de 9 a 14.30 h.

06

EXPOSICIÓN

As obras seleccionadas serán obxecto dunha exposición que se inaugurará en 2021.

07

DEVOLUCIÓN DAS OBRAS EXPOSTAS

Finalizado o período expositivo, as obras poderán ser retiradas no mesmo lugar de recepción, nunha data previamente acordada.

O Auditorio de Galicia non se fará responsable da conservación das obras non retiradas.

08

XURADO

A composición do xurado será a seguinte:

- A Concelleira de Acción Cultural do Concello de Santiago e membro do Consello Reitor Auditorio de Galicia ou persoa en quen delegue, como presidenta/e deste xurado.
- Suso Basterrechea, artista e profesor.
- María Luísa Fernández Olivera, artista, profesora da área de escultura na facultade de BBAA de Pontevedra.
- Yolanda Pérez Sánchez, doctora en Historia da Arte, profesora na Escola Técnica Superior de Arquitectura da UDC.
- Alicia Ventura, comisaria, directora da colección DKV e Cervezas Alhambra Arte emergente.
- Director-xerente do Auditorio de Galicia ou persoa en quen delegue, que actuará como secretaria/o deste xurado, con voz e sen voto.

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de substituír algún dos membros do xurado en caso de que non puidese asistir ás deliberacións.

A resolución final do xurado farase pública no acto inaugural da exposición.

A decisión do xurado será tomada por maioría absoluta e é inapelable.

ÍNDICE

BASES 2021

09

PREMIOS

Outorgaranse os seguintes:

- Un primeiro premio de 6.000 euros.
- Un segundo premio de 3.000 euros.
- Un terceiro premio de 2.000 euros.

Os premios quedan sometidos ao imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) de acordo coa lexislación vixente.

As obrigas económicas que se deriven da concesión dos premios realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 33400 48000 Premios, do orzamento xeral do Auditorio de Galicia.

10

ACEPTACIÓN
DAS BASES

Os/as artistas seleccionados/as autorizarán a citación do seu nome así como a reprodución gráfica da súa obra para calquera tipo de difusión ou publicación que o Auditorio de Galicia considere oportuno facer dela.

A participación neste certame implica a total aceptación das súas bases e a conformidade coa decisión do xurado.

A organización resérvase o dereito de facer modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestas bases, sempre que supoñan melloras que afecten directamente ao éxito do certame.

O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún ou todos os premios.

A interpretación das bases é cometido exclusivo dos membros do xurado.

11

INFORMACIÓN

Máis información na web:

compostelacultura.gal

no teléfono **981 552 290**

ou no seguinte enderezo electrónico:

exposicions@auditoriodegalicia.org

ÍNDICE

BASES 2021



AUDITORIO DE GALICIA



CONCELLO DE
SANTIAGO



CONSORCIO DE
SANTIAGO